



De acordo coas normas, protocolos, guías e recomendacións publicadas no ámbito da prevención de riscos laborais e da protección dos traballadores¹, relacionadas coa actual situación excepcional de saúde pública que dou lugar á aprobación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e tendo en conta, así mesmo, o protocolo elaborado e actualizado conxuntamente pola Confederación Española de Industrias Extractivas de Rocas e Minerais Industriais, o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos e Graos en Minas e Enerxía e o Consello Superior de Colexios de Enxeñeiros de Minas, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria considera conveniente recoller neste documento as seguintes:

PAUTAS OU INSTRUCIÓN XERAIS DE ACTUACIÓN FRONTE AO COVID-19 NO ÁMBITO DA ACTIVIDADE MINEIRA

Para evitar o risco por contaxio do virus COVID-19 nas actividades mineiras, débense adoptar unha serie de medidas preventivas que son imprescindibles para lograr que a probabilidade de propagación do virus entre persoas se reduza considerablemente. Por iso, calquera medida de protección que se adopte deberá ir encamiñada a protexer adecuadamente a cada traballador dos riscos para a súa saúde ben a través de medidas de protección colectiva ou ben cando estas non permitan evitalos ou limitalos suficientemente, mediante a utilización de medios de protección individual, xunto coa adopción de medidas de organización do traballo.

Se ben, sempre que sexa posible, débese favorecer por parte das empresas a realización da actividade laboral mediante teletraballo, dado que, no caso das actividades mineiras, non é posible na gran maioría dos postos de traballo, debe elaborarse ou actualizarse un plan de continuidade da actividade laboral ante emerxencias como a que nos ocupa.

En paralelo, débese fomentar, por parte das empresas da industria extractiva, a flexibilidade horaria e as quendas de traballo graduadas, para reducir as concentracións de traballadores, se iso fose aplicable.

Tamén hai que evitar as reunións presenciais e facilitar, na medida do posible, as reunións de traballo por videoconferencia.

¹ Anexo I: Relación non exhaustiva de normas, protocolos, recomendacións e guías de actuación publicadas, de interese no ámbito da actividade mineira.



A aplicación destas pautas ou instrucións xerais abrangue a todos os traballadores tanto propios como subcontratados, así como aos provedores de servizos que accedan ás instalacións mineiras.

Corresponde ao empresario avaliar o risco de exposición e tomar as medidas necesarias en relación co control, redución e eliminación do risco ,segundo as recomendacións e instrucións que en cada momento diten as Autoridades Sanitarias, entre as que se citan, pola súa pertinencia, as recollidas nos seguintes documentos:

- Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2. 8 de abril de 2020, Ministerio de Sanidade (en continua revisión en función da evolución e nova información da que se dispoña sobre a infección polo novo coronavirus).
- Boas prácticas nos centros de traballo. Medidas para a prevención de contaxios do COVID-19. 11 de abril de 2020, Ministerio de Sanidade.

O empresario deberá analizar as seguintes cuestións ás que se refiren os documentos anteriormente indicados así como os relacionados no Anexo, prestando particular atención á existencia de traballadores especialmente sensibles á contaminación por COVID-19 e á coordinación de actividades no caso de existir contratas:

- A necesidade de actualizar a avaliación de riscos.
- Organizar o transporte, os desprazamentos e a entrada e saída dos traballadores para manter as distancias axeitadas entre eles e limitar o acceso aos que presenten patoloxías respiratorias e controlar o acceso de clientes, subministradores, etc.
- O protocolo específico concreto a seguir no caso de que un traballador enferme (ou teña contacto directo cun enfermo), para protexer a saúde dos outros traballadores e manter a actividade.
- Se se dese unha acumulación de casos, condicións necesarias para continuar ou, no seu caso, deter a actividade.
- Mecanismos –sen reunións presenciais- de información e consulta aos traballadores e tipo de información a fornecer. Debe darse información aos traballadores sobre os riscos derivados da exposición ao COVID-19, así como sobre as medidas preventivas a implantar..
- As medidas de hixiene e limpeza dos traballadores, provéndoos dos produtos de hixiene necesarios como xabón, solución hidroalcolica ou panos dun só uso.
- As medidas de hixiene e limpeza nos postos de traballo e nas dependencias comúns (vestiario, aseos, comedor, oficina, ...).
- As medidas de hixiene e limpeza dos vehículos maquinaria e ferramentas,
- A xestión dos residuos de tipo sanitario, que se fará de acordo coa Orde SND/271/2020, do 19 de marzo, pola que se establecen instrucións sobre xestión de



residuos na situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE do 22 de marzo de 2020) e demais disposicións que a desenvolvan.

- As medidas preventivas específicas a adoptar en función dos postos de traballo existentes.

Cando o empresario o considere necesario, solicitará o apoio que precise ao Servizo de Prevención.

A Dirección Facultativa, de acordo coas funcións que teña encomendadas en relación co desenvolvemento da actividade, ademais das que ostente pola lexislación, coñecerá as medidas de prevención de riscos derivados do COVID-19 que se adopten pola empresa para valorar a súa suficiencia, co asesoramento do servizo de prevención se o considera necesario, e coordinará a aplicación das medidas de prevención específicas que se precisen en cada caso.

Se a crise sanitaria derivara nunha situación de risco grave e inminente, aplicarase o artigo 21 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

Lémbrese a necesidade de estender estas medidas preventivas ás entidades subcontratadas que operen na explotación ou no establecemento de beneficio.

ANEXO I: Relación indicativa de normas, protocolos, recomendacións e guías de actuación fronte ao COVID-19 publicadas, de interese no ámbito da actividade mineira.

Débase ter en conta as posibles actualizacións destes documentos.

MINISTERIO DE SANIDADE

- *“PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN PARA LOS SERVICIOS DE PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES FRENTE A LA EXPOSICIÓN AL SARS-CoV-2 (8 de abril de 2020)”*, este documento pode considerarse como o documento básico de xestión da prevención de riscos laborais no contexto do COVID-19. En consecuencia, calquera actuación preventiva, con independencia do sector ou actividade, debería basearse nos principios preventivos nel descritos.

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-china/documentos/PrevencionRRLL_COVID-19.pdf

- *“BUENAS PRÁCTICAS EN LOS CENTROS DE TRABAJO (11 ABRIL 2020)”*

<https://www.lamoncloa.gob.es/serviciosdeprensa/notasprensa/presidencia/Documents/2020/GUIACENTROSTRABAJOCOV19b.pdf>

- *“NOTA INTERPRETATIVA DE LOS ESCENARIOS DE RIESGO DE EXPOSICIÓN ESTABLECIDOS EN EL PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN PARA LOS SERVICIOS DE PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES FRENTE A LA EXPOSICIÓN AL NUEVO CORONAVIRUS (SARS-COV-2)”*

https://www.mscbs.gob.es/en/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/NOTA_INTERPRETATIVA_TABLA_1_PROCEDIMIENTO_SPRL.pdf

- *“OSHA 3992-03 2020 Guía sobre la Preparación de los Lugares de Trabajo para el virus COVID-19”*

<https://www.osha.gov/Publications/OSHA3992.pdf>

- *“Documento técnico: Medidas higiénicas para la prevención de contagios del COVID-19”*

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Medidas_higienicas_COVID-19.pdf

MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL

- *“CRITERIO OPERATIVO Nº 102/2020. SOBRE MEDIDAS Y ACTUACIONES DE LA INSPECCIÓN DE TRABAJO Y SEGURIDAD SOCIAL RELATIVAS A SITUACIONES DERIVADAS DEL NUEVO CORONAVIRUS (SARS-CoV-2) DE LA DIRECCIÓN DEL ORGANISMO ESTATAL INSPECCIÓN DE TRABAJO Y SEGURIDAD SOCIAL”*

<https://prevencion.fremap.es/Doc%20VARIOS/Noticias/CRITERIO%20ITSS%20COVID.pdf>

- *“Guía de actuación en el ámbito laboral en relación al nuevo coronavirus”*

INSTITUTO NACIONAL DE SEGURIDAD Y SALUD EN EL TRABAJO (INSST)

- *“Prevención de riesgos laborales vs.COVID-19 -Compendio no exhaustivo de fuentes de información –”, no que se relacionan os principais documentos técnicos publicados polo INSST, órganos competentes das Comunidades Autónomas, mutuas colaboradoras da Seguridade Social, Axentes Sociais e por outros grupos de interese no ámbito da prevención de riscos laborais.*

<https://www.insst.es/documents/94886/693030/Prevenci%C3%B3n+de+riesgos+laborales+vs.+COVID-19+-+Compendio+no+exhaustivo+de+fuentes+de+informaci%C3%B3n/4098124f-5324-43a6-8881-0bbd4e358de7>

- *“Guía técnica para la evaluación y prevención de los riesgos relacionados con la exposición a agentes biológicos (Real Decreto 664/1997, de 12 de mayo. BOE nº 124, de 24 de mayo)”*

https://www.insst.es/documents/94886/96076/agen_bio.pdf/f2f4067d-d489-4186-b5cd-994abd1505d9

- *“Guía técnica para la utilización por los trabajadores de equipos de protección individual (Real Decreto 773/1997, de 30 de mayo. BOE nº 140, de 12 de junio)”*

<https://www.insst.es/documents/94886/203536/Gu%C3%ADa+t%C3%A9cnica+para+la+evaluaci%C3%B3n+y+prevenci%C3%B3n+de+los+riesgos+para+la+utilizaci%C3%B3n+por+los+trabajadores+en+el+trabajo+de+equipos+de+protecci%C3%B3n+individual/c4878c11-26a0-4108-80fd-3ecbef0aee38>

- *“Respira hondo. Equipos de protección respiratoria (EPR)”*

[https://www.insst.es/documents/94886/375202/Folleto.+Equipos+de+protecci%C3%B3n+respiratoria+-+A%C3%B1o+2019+\(en+cat%C3%A1logo\)](https://www.insst.es/documents/94886/375202/Folleto.+Equipos+de+protecci%C3%B3n+respiratoria+-+A%C3%B1o+2019+(en+cat%C3%A1logo))

- *“Equipos de protección respiratoria: identificación de los filtros según sus tipos y clases”*

<https://www.insst.es/documents/94886/327401/787a.pdf/a1b42248-4b92-4ec8-a575-3a3b326a3e0d>

CONFEDERACIÓN DE INDUSTRIAS EXTRACTIVAS DE ROCAS Y MINERALES INDUSTRIALES (COMINROC), CONSEJO GENERAL DE COLEGIOS OFICIALES DE INGENIEROS TÉCNICOS Y GRADOS EN MINAS Y ENERGÍA Y CONSEJO SUPERIOR DE COLEGIOS DE INGENIEROS DE MINAS

- *“PROTOCOLO / INSTRUCCIÓN DE TRABAJO FRENTE AL COVID-19 EN EXPLOTACIONES MINERAS Y EN PLANTAS DE TRATAMIENTO (ACTUALIZACIÓN DE 12 DE ABRIL DE 2020)”*

<https://www.cominroc.es/faq-items/cominroc-protocolo-frente-al-covid-19-en-explotaciones-mineras-y-en-plantas-de-tratamiento/>

XUNTA DE GALICIA

INSTITUTO GALLEGO DE SEGURIDAD Y SALUD EN EL TRABAJO (ISSGA)

Páxina web específica con información sobre o novo coronavirus (2019 N-COV):
http://issga.xunta.gal/portal/contido/avisos/aviso_0018.html?lang=es

- ***“RECOMENDACIÓNS DE PREVENCIÓN NO TRABALLO FRONTE AO CORONAVIRUS”***

http://issga.xunta.gal/export/sites/default/recursos/descargas/Actividade/RECOMENDACIONSSSSGA_grupo_de_traballo_ISSGA_cas.pdf

- ***“PREVENCIÓN NO TRABALLO FRONTE AO CORONAVIRUS”***

http://issga.xunta.gal/portal/recursos/descargas/documentacion/publicacions/INFOGRAFIA_ISSGA_PREVENCIxN_NO_TRABALLO_FRONTE_AO_NOVO_CORONAVIRUS.pdf

- ***“GUIA DE RECOMENDACIÓNS PREVENTIVAS DE SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS (12 ABRIL 2020)”***

http://issga.xunta.gal/export/sites/default/recursos/descargas/documentacion/publicacions/Guia_recomendacions_Saude_laboral_Coronavirus.pdf

- ***“PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS NA INDUSTRIA EXTRACTIVA”***

http://issga.xunta.gal/export/sites/default/recursos/descargas/documentacion/publicacions/Cartel_A3_Extractiva.pdf

http://issga.xunta.gal/export/sites/default/recursos/descargas/documentacion/publicacions/Flyer_A4_Extractiva.pdf

- ***“PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS NO SECTOR DOS ÁRIDOS”***

http://issga.xunta.gal/export/sites/default/recursos/descargas/documentacion/publicacions/Cartel_A3_Aridos.pdf

http://issga.xunta.gal/export/sites/default/recursos/descargas/documentacion/publicacions/Flyer_A4_Aridos.pdf

- ***“MEDIDAS CONTRA O CORONAVIRUS – INFORMACIÓN DE UTILIDADE NAS EMPRESAS”***

http://issga.xunta.gal/export/sites/default/recursos/descargas/documentacion/publicacions/Xun_-_Coronavirus.oral01.pdfx1x.pdf

- ***“PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS – INDUSTRIA DA LOUSA”***

http://issga.xunta.gal/export/sites/default/recursos/descargas/documentacion/publicacions/Flyer_A4_Lousa.pdf

http://issga.xunta.gal/export/sites/default/recursos/descargas/documentacion/publicacions/Cartel_A3_Lousa.pdf